

1 Librerías de compatibilidade

1.1 Introducción

- A medida que as versións do S.O. Android foron avanzando, apareceron novos controis e novas formas de xestionar os controis existentes.
- Para facer compatible estas novidades cos dispositivos antigos, Android permite incorporar unha serie de librerías para facer que os dispositivos antigos poidan visualizar estes controis.

- **Referencias:**

- ◆ Support Library: <https://developer.android.com/tools/support-library/index.html>

1.2 Creación de Activities

- Cando creamos unha activity nova pódese escoller (durante o asistente) a opción `BlankActivity` ou `EmptyActivity`.
 - ◇ Se se escolle `BlankActivity` fai que a activity derive de `ActionBarActivity` para que amose unha barra de menú e que sexa compatible con versións anteriores a API 11. Ao facelo importaremos no noso proxecto a clase **`android.support.v7.app.ActionBarActivity`** e o mesmo tempo engadirá ao noso proxecto a librería **`appcompat_v7`**.
 - ◇ Se se escolle `EmptyActivity` fai que a activity derive de `Activity`. Neste caso supoñemos que o min target API é 11 ou superior. Neste caso a barra de menú xa vai na propia activity e non hai que utilizar ningunha librería.